



lp

D. MIGUEL ÁNGEL GÓMEZ ÁLVAREZ, SECRETARIO - INTERVENTOR DO
CONCELLO DE PAZOS DE BORBÉN (PONTEVEDRA).-

CERTIFICO: Que por **Decreto da Alcaldía**, de data 5 de xaneiro de 2017, adoptouse a seguinte resolución:

"CONTRATO MENOR DO SERVIZO DE COMUNICACIÓN DE PRENSA PARA
O CONCELLO DE PAZOS DE BORBÉN.-

Visto que mediante a providencia da Alcaldía de data 30/12/2016, acreditouse a necesidade deste Concello de contratar os servizos de comunicación de prensa para o Concello de Pazos de Borbén, cuxo prezo ascende á cantidade de 2.460 euros anuais, exento de IVE.

Visto que con data do 4/01/2017, emitíuse o informe de Intervención, no que se acreditaba a existencia de crédito suficiente e axeitado para financiar o gasto que comporta a celebración do contrato, durante o período de xaneiro a decembro de 2017, e emitíuse o informe sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente, ós efectos de determinar o órgano competente para contratar.

Visto que con data do 4/01/2017, emitíuse o informe de Secretaría sobre a lexislación aplicable e o procedemento que se deberá seguir.

Visto o orzamento presentado por Roi Alexandre Sebío Puñal.

Visto o prego de prescricións técnicas para a contratación deste servizo.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo RDL 3/2011, do 14 de novembro, resolvo:

1º.- Levar a cabo o servizo de comunicación de prensa para o Concello de Pazos de Borbén, mediante o procedemento de contrato menor, co contratista Roi Alexandre Sebío Puñal, por un importe de 2.460 euros anuais e exento de IVE.

2º.- Aprobar o prego de prescricións técnicas para a contratación deste servizo, o cal únese a este acordo como anexo.

3º.- Aprobar o gasto correspondente á prestación do servizo de comunicación de prensa para o Concello de Pazos de Borbén, con cargo á partida 920 – 227 do vixente Orzamento municipal.

4º.- Unha vez realizada a prestación do servizo, incorpórese a/s factura/s e tramítense o pago se procede.

5º.- Notificar a resolución ó adxudicatario no prazo de 10 días a partires da data de sinatura da resolución."

E para que conste no expediente, emito a presente certificación de orde e co visto e prace do sr. alcalde, en Pazos de Borbén o cinco de xaneiro de dous mil dezasete.

V. e pr.
O ALCALDE,

